

## O MUNDO DA MOCEDADE

**CONCEPTO DE MOZO.**- A orixe da palabra mozo é incerta e barállanse varias posibilidades. Uns din que procede do latín MUTILUS="mutilado", "rapado". Hai quen prefire derivar esta voz do latín MUSTEUS="Mofo,viño novo" ou de MUSTUS="fresco,sen fermentar".

Entra dentro da lóxica que, de designar a alguén co pelo curto,pasase a significar persoas xóvenes, dado que estes por motivos hixiánicos ían rapados

Xoven deriva do latín IUVENIS, que vén do verbo IUVARE,asociado á idea de axudar a sostener.No latín considerábanse IUVENIS ás persoas entre os 30 e 45 anos; denantes para os romanos érase ADOLESCENS( adolescente), alguén entre os 19 e 30 anos que aínda lle faltaba algo, que aínda medraba e se desenvolvía; aquí cobra sentido a nosa palabra adolecer.

En Escudeiros a forma CHACHO/CHACHA, que posiblemente derive do latín MOCHO, co dobre senso dun rapaz rapado que aínda está por medrar, empregábase para situar fóra da familiaridade a alguén novo/a.

Vicente Risco sostíña que a mocidade, no rural galego, comenzaba entre os 14 e 17 anos; cando o rapaz emprenchiaba a traballar coma os homes. Para Taboada Chivite a idade de tránsito variaba duns lugares a outros. O antropólogo francés, Van Gennep, decía que o paso da adolescencia á mocidade rexíase por un conxunto de normas e ceremonias de gran transcendencia ritual, aínda que nos intres actuais perderan o primixenio simbolismo de norte e resurrección. Pese ao delouramento do simbolismo, estamos ante unha nova etapa vital con distintas obrigas.

**O mozo a facerse e o mozo feito.**-En Escudeiros para os mozos máis novos empregábase a frase "mozo a facerse" e para os máis maiores "mozo feito" Ademais ao mozo a facerse, tamén, se lle podía chamar "mociño" ou "mozote" e ao mozo feito, conforme avanzaba en idade, recibía os nomes de "mozo serodio", mozo rancio", "mozo vello" e "cañoto".

**Cando se era mozo en Escudeiros** A evolución dos tempos rompeu a uniformidade da mirada.No século pasado eran sinais de mocidade: Ter ido á sega a Castela, afeitar o bigote e a patilla, virlle os pelos do peito, subir na igrexa para a tribuna, bailar e acompañar ás mociñas, ter unha experiencia sexual(...Xa lle deu lustre), vir só de noite, representar á casa nos traballos comunitarios e nos velorios, xogar no equipo dos mozos, pagar a cuota de mozo para as festas, ser convidado por un mozo/a casante non familiar. Era sinal inequívoco de mozo feito ter cumprido o Servizo Militar (Chegar coa blanquiña).

**Dereitos e deberes dos mozos.**- Eran dereitos da mocidade o andar cos outros mozos nas festas bailes e gaitadas, gastar bromas e facer trasnadas no Antroido, Santos Inocentes e San Silvestre(quitar os carros), iren ás adegas cando os invitaban, vixiar ás mozas para que non collesen noivo forasteiro. Eran deberes: pagar os escotes, obedecer os acordos da mocidade e facer a festa do patrón.

### A SEXUALIDADE EN ESCUDEIROS.

*\*Non hai amor coma o primeiro nin lúa coma a de xaneiro*

*\*O sexo é unha trampa da natureza para non extinguirse (Nietzsche)*

*\*O amor verdadeiro entra polo mexadeiro*

*\*O amor é gala no mancebo e crime no vello.*

### *Como se nomeaban as cousas do sexo*

#### *a) As das mulleres*

A cona, á parte externa do órgano xenital feminino, que vén do latín CUNNUM, en Escudeiros dábaselle varios nomes: A ameixa, a berberechiña, a boca sen dentes, a adega húmida, a burata, o burato do pito rei, a cochiniña, o faconetexo, a grila, a pacholiña, a papuxa, a perifacia, a perrechiña, a peseta, a pesetiña, a penacha, a porquiña, a racha, a rachadela, o roxón, a señorita...

Nas rifas asociábase a complementos preposicionais e adxectivos: A cona da Emilia, a cona da tía Bernarda,, cona chea de merda, cona de Deus, cona fría, cona lixosa, cona quente, me cago na cona que te diu, me cago na cona bendita, o cheiro da cona pódeche **moito**, **muller da cona**, **santo da cona**...

*\*Muller delgada, ben enconada.*

*\*Muller flaca, cona de vaca*

*\*Muller laimeira ou puta ou meiga*

*\*O que en pelos repara, nunca boa cona cata*

*\*Pode máis un pelo de cona que unha corda de maroma*

*\*Máis tiran dúas tetas cá dúas carretas*

#### *b) As dos homes*

O CARALLO, órgano xenital externo masculino vén do latín vulgar CHARACULUM="pau". De aí as expresións: Pau de mexar, pau das festas. En Escudeiros, tamén, se lle daban os seguintes nomes: O aparato, o benguelete, a berga, o bicho cego, a chola, a gaita, a mangueira, a miringalla, a miringola, o pecador, o perenguello, a picha, a pichola, a pirinola, o pipiricho (Veu de Venezuela), o pírtigo, o pizarrín, a tranca...

OS TESTICULOS OU COLLÓNS son as glándulas xenitais masculinas produtoras de seme. O seu nome vén do latín vulgar COLEONEM .En Escudeiros, tamén, se coñecían por: Os figos, os ovos, os melindres, os triunfos. Os testículos proceden do latín TESTICULUM, composto de dúas palabras: TESTIS= testigo e o sufixo -CULUS que é usado en diminutivo.

Ao carallo e aos collóns xuntos dábaselles no pobo os nomes de: A ferramenta, o bulto, a presentación, a portada...

*Nas rifas aparecían as seguintes expresións: Ten un par de collóns, tenos ben postos, ten un par de ovos, o carallo que te diu, o carallo que te pariu, me cago no carallo, o carallo de Deus, telo pequeniño, telos pequeniños, non tes carallo, picha fría, córtoche os ovos, córtoche o carallo, os teus triunfos nin valen para a brisca...*

*\*Pícame os collóns, tres días bos*

*\*Pixo dereito non cree en Deus*

*\*Carallo dereito non ten respeito*

*c) Os actos de amor:*

*c-1) Entre rapaces: Andan a mangar o sachiño, esfolla o porrouquiño, cofea a pociña, escarabella o guisantiño, xa toca na música.*

*c-2) Entre mozos e adultos: Achedar, brincar, brincadeira, polvo, botar o polvo, cabalgar, chingar, foder, fornicar, fochicar, follar, facer o amor, montar, pinar..*

*c-3) Entre vellos: Andan na babada, alumbran coa vela gastada, bailan sen música...*

*\*Cando o mozo lle apunta o bozo e a muller a teta, castañeta!*

*\*Cabrito de mes, porco de tres, muller de dezaioito e home de vintetrés.*

*\*Vellos con amores, invernos de flores.*

**A(S) MERETRIZ(CES).**- Normalmente nos pobos había algunha meretriz. Mulleres de amor que ensinaban as cousas da sexualidade nos habitáculos máis insospeitados: camas, muíños, montes, ardades, palleiros, minas... Estas meretrices endozaban o amor e con frecuencia recibían propinas. Algunha tiña establecidos prezos diferenciados segundo a cabalgadura, se subía o home dous pesos, e se o facían elas un peso.

A máis famosa de Escudeiros a todo “pipí” lle dicía Ola! Ela presumía de que iniciara mociños, fornicara coa maioría dos casados, con mestres, curas e algún médico; que por certo, gababan o bo facer da muller. O aviso da necesidade podía ser o castanear dunha fouce na parede da súa casa, unha pedriña pequena de anuncio do necesitado, un guiño, unha sinal dun dedo... As veces as necesidades da muller buscaban estrenar mociño, pero non sempre lle saía ben. Estando as dúas irmás en Campolongo convidaron a un rapazote pero el fuxiu. Coas calores unha delas púxose encima do rego dos campos batuxando a “papuxa” e dicíndolle “Comer non comerás, pero beber o que queiras”.

*\*O que en pelos repara nunca boa cona cata.*

*\*O que moito medo ten nunca boa cona fode.*

*\*Cona de cortesana, lavada, é cousa sana.*

Para a mocidade era o estreno, para as mulleres casadas unha dor. Chegouse a correr polo pobo que a anónima muller tivera o gálico e que quedara sen os pelos do pubis...e un sin fín de chascarrillos que roían os desexos.

*\*Pito dereito non ten respeito.*

*\*Carallo dereito non cree en Deus.*

A mocidade máis feita tamén podía visitar meretrices noutros pobos: cantar a letanía en Montes ou coller a asa da baixada ao Algoio.

Moito máis tardío foi o inicio dos mociños nos burdeis das cidades.

## A PERCURA DE MOZO/A

**Os agoiros de matrimonio** semellaban algo máis fortes na muller.

*\*A vellez non ten cura e a mocidade pouco dura.*

*\*A muller despois dos corenta pónchese valorenta.*

Xa entre os adolescentes xogaban aos comprometidos arrincando os pétalos das flores ían casando co mozo/a nomeado (si/non) ou especificando o querer (moito/pouco/nada); correspondendo o último pétalo ou folla co pronóstico. As rapazas pronosticaban tamén con pétalos o estado que as esperaba (solteira, casada, viúva, monxa).

Quedan reminiscencias da crenza de que a moza ou mozo que quixera ver en soños o seu futuro consorte, debía por unha rama de salgueiro tras da cabeceira da cama.

**Os emparellamentos.**- Aparecían nos xuntoiros: festas da volta, bailes no bar do Ignacio, paseos nas feiras (Val, San Antonio do Viso, Cartelle...), paseos pola estrada (Cerdal, Poulo, San Lorenzo, Vilavidal, Picouto...), nos fiadeiros que se facían desde novembro ao entroido , nas cociñas onde había mozas e que denantes, chegaron a facerse fiadeiros nalgunha corte que se estrumaba previamente, nas espadeladas do liño, nas esfollas, nas muiñadas (primeiramente a carón do río Arnoia e da corga de Campolongo).

**Nalgúns pobos o 31 de Nadal** facíanse sorteos entre mozos e mozas. En Escudeiros no se puido constatar, pero moito se xogou aos comprometidos na eira das Cristas.

## Procedementos máxico-relixiosos para percurar mozo

.Rezar sete salves

.Dar nove voltas ao redor dun lavadeiro.

.Facer nós nas xestas.No San Antón da Xesteira e na Virxe da Franqueira algún nós deixaron mociñas de Escudeiros.

.Coller seis agullas e metelas nun alfiteiro de rosca, tres coa punta para riba e tres coa punta para baixo.

.Depositar unha pinguiña de sangue menstruante na bebida do mozo desexado.

*\*San Antoniño dame un bo mociño.*

*\*San Antoniño dame un homiño, aínda que sexa pequeniño.*

*Como presumía a mocidade.*

*\*Co mozo galán, ten a túa filla de man.*

*\*A metade da moza está na tenda.*

A mocidade de Escudeiros saía xunta para ir ás festas.As estreas dos vestidos, dos calzados; as alfaias, os camiñares tesos, os movementos dos traseiros, os acicalamentos...Milloraban aos presentes.Había xente maior que saía a contemplar a marcha dos mozos/as. A señora Sara decía "Esta mocidade é a envexa da volta"-Levo unha hora agardando para velas pasar, pero dá gusto miralos. O seu home, o Sr. Xosé, co dedo furabolos estricado,decíalle "Se foras traballar". Todos puñan algo. O Manolo da Carne levaba no peto da chaqueta a tapa dunha estilográfica aínda que lle faltaba o resto da pluma.

### **CAMIÑO DA VODA.**

*\*Moceando e moceando o matrimonio vai entrando*

*\*Quen lonxe vai casar, falta leva ou vai buscar.*

Un dereito moi específico da mocidade, como corpus colectivo, era o de vixiar ás mozas da parroquia para que non collesen mozos doutra procedencia. Considerábase ,cun criterio endogámico, que as mozas da parroquia pertencían aos mozos da mesma. Púñanlle todos os atrancos posibles (Algún mozo de Poulo foi acantazado na Chaira) e se non eran quen de impedilo facíanlle pagar un convite. Segundo ,Lisón Tolesana, este costume recibía o nome de: "O piso","o viño","os dereitos". Algunhas veces, o mozo alleo por amizade, favores ou interés conseguía no pobo un "chufón ou picante" que o gababa como pretendente( En tempos o chufón ganaba uns zapatos "O que leva as botas".

Escudeiros foi un pobo moi endógamo. Dende 1700 ata hoxe, o nivel de endogamia representou un 53%.

Na procura de mozo/a os país e as familias eran catapultas importantes. Non se chegou a un réxime petrucial, pero houbo varios casamentos de trato. Ademais as gavanzas aceleraban as intencións dos xóvenes e as malas lerias desacelerábanas.Cando o casamento era de trato con frecuencia levaba aparelado concertos e capitulacións matrimoniais, nas que se puña claro o que cada familia debía aportar os fillos casantes.

### **O tempo de mozos**

*\*Hai amores que non matan, pero mortifican.*

As relacións non duraban un tempo determinado, nin igual. Había acelerantes e retrasantes. Un dos acelerantes era cando a moza resultaba preñada; así o Pepe casou coa Lola, o Luis Cabixo coa Amelia..., pero, tamén, houbo quen non cumpliu o Sr. Guillermo Lampanas coa nai do Floro, o Delmiro coa Pepa da Canle, o Román do Forno coa Dosinda... Un acelerante e antirrechazante era escapar coa moza; ante a vergoña pública os pais acababan aceptando ao pretendente ( De todos os xeitos esta casuística non era moi normal no pobo). Os retardantes eran o servizo militar do mozo, a emigración ao estranxeiro... Nestes casos a moza acostumaba a gardarlle ausencia: Non ía ás festas e se ía podía non bailar cos outros mozos e , desde logo, non se aviña a ningún novo cortexo. Con frecuencia o mozo era informado da “garda de ausencia” ben pola familia ou polos amigos. A garda de ausencia era un plus para a relación.

### **A petición da moza**

Despois das relación formalizadas o seguinte paso era a petición da moza. Normalmente os pais do mozo acompañábano para pedila.

Na primeira metade do século pasado e en séculos anteriores dábaselle moita importancia ás amonestacións ( Do latín MONITIONEM=aviso), monicións , balíneas ou proclamas que, ademais de seguir o ritual católico, tiñan para a xente o valor de declaración oficial e pública do casamento que se ía celebrar. A cerimonia de irllas levar ao crego seguía o rito preestablecido, polo regular ían os pais de un ou dos dous contraentes. Cando se lían na igrexa era tradición nalgúns lugares que non asistirán os noivos a aquela misa, en Escudeiros asistían.

### **A VODA**

#### **Crenzas e supersticións.**

*\*En martes non cases nin embarques.*

Era de mal agoiro casar por Pascua ou Cuaresma e en día 13 e martes.

Se nevaba o día da voda serían felices, se chovía serían riquísimos. O perder o anel da voda traería desgraza. Non debían casar no mesmo día dúas irmáns porque unha sería feliz e outra desgrazada.

#### **A casa pola ventá**

Galiza sempre tivo fama de farturenta: O bautizo, o canto da primeira misa dun crego e as vodas puñan de manifesto a casta e a distinción da familia. Xa no 1.493 os Reis Católicos quitaron unha dura pragmática para toda Galiza: Nesas festas só se podían convidar aos parentes ata o terceiro grado. O incumplimento impuña serias penas pecunarias. A Coruña protestara, pero os reises non aceptaron as súas queixas. Co tempo esta pragmática foise diluindo.

#### **Onde se facían as vodas**

Polo xeral os banquetes das vodas facíanse na casa da moza. O costume de levar aos convidados a restaurantes foi moi tardío en Escudeiros, a partires da segunda metade do século pasado.

Chamábanse ás milliores cociñeiras do pobo. A Carme do Sr. Paulino e a Camila do Adolfo cociñaron en motas vodas do pobo.

Cando o mozo casaba noutro pobo os seus convidados acompañábano. As rivalidades entre pobos , ás veces, podían máis cá compostura. Cando o Ignacio casou en Refoxos coa Isolina, preguntáronlle quen eran os seus convidados- “Traio o millorciño de cada casa”-respondeu. Sen rematar o banquete montouse tal gresca que fixo bo o dito “Co millor dos homes limpou o cu o demo e tirouno ao inferno”.

### **A lúa de mel**

A lúa para os recién casados saía, polo xeral, na casa da muller. No século XX o matrimonio acostumaba ir vela ás cidades próximas: Ourense, Vigo e Pontevedra; conforme corría o século chegábase a Coruña e Lugo. Moito máis tardías foron as lúas Peninsulares e as subidas a avión riscaron o século

Os primeiros medios de transporte foron as ´cabaleirías, despois os coches de liña e os trens ata os utilitarios particulares. Houbo algún despiste serio coma o do Alfaia e a Pepa da Canle, un deles subiu ao coche de liña en Cerdal e o outro quedou en terra recibindo parabéns. Menos mal que na parada de Poulo, o destino e a espera do chofer, volveu unir á parella.

## **RESUMO MATRIMONIAL DE ESCUDEIROS**

*\*O que os vinte non é home e de 30 non casou, de 40 non é rico, ese paxaro voou.*

*\* Viúva rica cun ollo chora e co outro repenica.*

**1.772-1.799**

**Número de vodas: 49**

**Contraíntes do mesmo pobo:22 ( Nivel de endogamia 44,9%)**

**Número de contraíntes viúvos :4**

**Dispensas por parentesco: 7**

**Anos picos de matrimonios: 1.775(5), 1.792(4), 1.797(4), 1.799(4).**

**Anos baleiros de matrimonios: 1.777(0), 1.778(0),1.779(0),1780(0).**

**Poboacións dos contraíntes exógamos: San Pedro de Poulo(8), Santa Isabel de Grixó(6),**

**.1.800- 1.815**

**Número de vodas: 26**

**Contraíntes do mesmo pobo: 15 (Nivel de endogamia 57,6%)**

**Número de contraíntes viúvos: 2**

**Dispensas por parentesco: 2**

**Anos picos de matrimonios: 1.802(4), 1.813(4)**

**Anos baleiros de matrimonios: 1.801(o)**

**Poboacións dos contraíntes exógamos: San Pedro de Poulo(3), Santa María do Pao(2)**

#### **1.850-1.900**

**Número de vodas: 116**

**Contraíntes do mesmo pobo: 62 (Nivel de endogamia 53,6%)**

**Contraíntes viúvos: 9**

**Dispensas de parentesco: 8**

**Anos picos de matrimonios: 1.873(7), 1.882(5), 1.863(4), 1.864(4), 1.872(4)**

**Anos baleiros de matrimonios: 1.860(0), 1.867(0), 1.896(0)**

**Poboacións de contraíntes exógamos: San Pedro de Poulo(12), Santa Isabel de Grixó(6)**

**Idade matrimonial media: Homes( 30,2 anos), mulleres (28 anos)**

#### **1.901-1.925**

**Número de vodas: 51**

**Contraíntes do mesmo pobo: 31 (Nivel de endogamia 60,7%)**

**Contraíntes viúvos: 3**

**Dispensas de parentesco: 10**

**Anos picos de matrimonios: 1.903 (6), 1.911(6)**

**Poboacións de contraíntes exógamos: San Pedro de Poulo (4), Santa Isabel de Grixó (3)**

**Idade matrimonial media: Homes ( 28,5 anos), mulleres (26,9 anos)**

#### **1.926-1950**

**Número de vodas: 37**

**Contraíntes do mesmo pobo: 16 ( Nivel de endogamia 43,2%)**

**Dispensas por parentesco: 6**



**Contraíntes viúvos:0**

**Anos picos de matrimonios: 1.941 (5), 1.947 (4),1.949(5)**

**Poboacións de contraíntes exógamos:San Pedro de Poulou(5), Santa Mª de Villar de Vacas(3)**

**Idades matrimonias medias: Homes(28,2 anos), mulleres (26,5 anos)**

### **BREVE HISTORIA DO SERVIZO MILITAR**

No século XV comenaron a crearse os exércitos permanentes. En España, nos afamados terzos servían moios suizos polas soldadas. No XVI houbo gran abundancia de voluntarios para incorporarse a filas, pero no XVII e XVIII houbo problemas para captar soldados e puxéronse de moda formas de reclutamento especiais: A recluta, a leva de forzados de vagos e mendigos e as bandeiras de enganche. Coa chegada dos Borbóns copiose o modelo francés, introducindo o reclutamento de “quintas”, chamado así porque se elixía a un de cada cinco mozos en idade militar mediante sorteos e como o exército era propiedade do Rei, aos quintos decíase que ían servir al Rei. En Cataluña, Navarra e País Vasco non existiu reclutamento forzoso ata 1.878. Daquela a mili duraba 7 anos en filas e estaban de moda os sustitutos –persoas que por unha cantidade de diñeiro ou un favor para as súas familias facían o servizo militar por outros-. As Cortes de Cádiz, 1.812, implantaron a obligatoriedade do Servizo Militar, pero contemplaban a redención en metálico que marcaba máis as diferencias sociais entre clases; os que podían pagar 15.000 reais libraban.

Entre 1.856 e 1.882 reducíuse o Servizo Militar activo a 4 anos. A redención en metálico provocou que na Guerra de Cuba, 1.898, o número de redemidos lle reportara ao Goberno 400 millóns de pesetas da época.

En 1.912, José Canalejas, coa idea de limar as inxustizas no reemplazo estableceu o soldado de cuota, eliminando a sustitución e a redención en metálico, ofrecendo a posibilidade de que os reclutas con certo nivel económico poideran pagar 1.000 ou 2.000 pesetas para prestar un Servizo Militar de 10 ou 5 meses, respectivamente; o resto 3 anos.

En 1.924 reducíuse a 2 anos o Servizo Militar activo, no 1.930 a 1 ano, cifra que mantivos o goberno da República. A lei franquista de 1.940 fixou un periodo de 2 anos, aínda que podía reducirse a 18 meses, segundo criterio do Ministerio do Exército; asemade estableceu a Milicia Universitaria (Estudantes universitarios que podían cumprir a mili como sarxentos ou alféreces .de complemento). A lei de 1.968 estableceu unha duración entre 15 e 24 meses. En 1.984 estableceuse un ano , que se reduciu a 9 meses en 1.991. No 2.001, trala presión social, Aznar, suspendeu o Servizo Militar obrigatorio, así coma a Prestación Social Sustitutoria cando os soldados cobraban 6 euros/mes.

**Os escudeirás no servizo al Rei e na mili. O proceso de reclutamento, alistamento e sorteo.**

Nos séculos XVIII e XIX o mecanismo de reclutamento eara complexo. O Goberno fixaba cada ano o cupo global de reclutas que estimaba necesario e seccionábao por provincias. As Deputacións Provinciais, con arreglo a súa poboación, establecían a porcentaxe que tiñan

que aportar e trasladábana os distintos municipios. Nos concellos o Negociado de Quintas citaba ós mozos que consideraba útiles, filíabaos, medíaos e pesábaos; publicitando as listas en xaneiro. En febrero, despois das posibles impugnacións, daban a coñecer as listas definitivas e logo facíase o sorteo. Entrado o século XX esta fase do proceso xa se facía na Caixa de Reclutas. Os números baixos ían fora do continente: África(protectorado de Marrocos, Ifni, Sahara)...

Escudeiros no XIX pertencía ao concello de Freás de Eiras que era o que facía o sorteo. Non sabemos os mozos do pobo que foron substituídos ou que tiveron reducións no servizo-requiriría unha investigación-, pero podemos presupoñer que deberon ser moi escasos os que se acolleron a estas normativas reductoras. Así que a mocidade, que lle tocou, debeu comer moitos ranchos e chuscos e pasar moitos sinsabores, algún en Cuba como amosan as "Liberalidades" do Archivo Diocesano, outros en Africa nos conflitos bélicos coma o Sr. Angel que viu o Gurugú e sin guerra coma o Servando en Ceuta, o Xosé Anxelo na lexión en Melilla, o Manuel da Lola...Moitos viviron experiencias nos acuartelamentos da Península; algún tiveron sorte e viñeron para a casa como excedentes de cupo, tal como lle pasou ao Antonio Raña que só pasou tres meses en Pamplona; outros viviron a Guerra Civil como Cesáreo, o Benito Casulo, o Anselmo(que salvou a un compañeiro ferido que logo o viña visitar), o Xosé Copelo. A mala sorte da Guerra Incivil deixou sen vida a Camilo Alonso Veloso que morreu o 19/9/1.936 no fronte de Huesca, a Josè Pérez Vázquez que con 21 anos deixou a vida en Brunete o 12/7/1.937 e a Darío Alberte Vázquez que deixou a vida en Castela no 1.939.

### **Proceso previo de instrución militar**

*\*O que dá primeiro dá dúas veces*

*\*O que tropeza e non cae adianta terreo.*

Na metade do século XX en Escudeiros adestrábase a mocidade que lle chegaba a idade de filas. A disciplina instructiva estaba dirixida polo es-sarxento, Euloxio Gil Aldírez. O campo de operación estaba na Calle e as marchas chegaban ata a casa da Sra. Anxelita. As noitiñas a mocidade con paus, vasoiras e alguna escopeta vella preparábase desde o firmes... ata o presenten armas.

### **Oficiais, suboficiais, clase de tropa, tropa e diploma de honor.**

O Don Antonio chegou a alférez, o Paco e o Euloxio colgaron os galóns de sarxentos, o Sinesio e o Pepe Grande os de cabos en Barreiro(Vigo) e en Parga(Lugo) outros moitos escudeirás fixeron a mili de soldados rasos. O diploma de honor do exército díronllelo o Carlos Anxelo que serviu nas oficinas da Plana Maior da Brigada Aerotransportable.

### **A ESCOLA DA NOITE**

*\*Home coxo e can rabelo para fodelos*

Ata o 1.955 Escudeiros tiña unha soa escola. A mestra daquel entón tiña 52 alumnas/os. No 1.956 creáronse dúas: A de nenas con 30 alumnas e a de nenos con 24 alumnos. A mestra era

doña María Consuelo Rodríguez Rivero e o mestre don Manuel Calviño Rodríguez. Tiñan un soldo dunas 20.000 pesetas anuais. Nesa época chegou a ASA(Axuda Social Americana) que conxuntamente co PLE(Productos Lácteos Españoles) complementaban con leite en po, queixo e mantequilla a xusta alimentación da rapacería.

No 1.957, con 45 anos, casado, propietario definitivo e con 15 anos de servizo, chegou o mestre Don Manuel Bouzo e , dous anos despois, escomenzou para a mocidade a escola da noite. Era un ensino de adultos para os que non sabían ler ou os que querían reforzar os seus escasos coñecementos. Matriculáronse 11 mozos, pero a asistencia media era de 7. Polas dúas xornadas, a dos rapaces e a da mocidade, o mestre cobraba 21.480 pesetas ao ano. Algúns mozos coma o Manolo da Carne aprenderon a ler e aos outros non lles veu mal. O mestre , de man lixeira cos rapaces, respetaba os pelos do peito. Durou pouco esta escola, ata principios dos 60. Cando en 1.964 chegou o mestre, don José Alfonso Pérez, esta escola xa non funcionaba.

### UN BO EQUIPO DE FUTBOL

O campo da Chaira fíxose na metade do século pasado. Os mozos de Escudeiros tiñan un gran equipo de fútbol: O Fermín, o Ernesto, o Gustavo, o Eladio... e unha ristra de grandes xogadores que se enfrentaban aos equipos da volta e chegaron a xogar na Arnoia e Ventosela. Para os desprazamentos longos alugaban un camión no que se acomodaban na caixa os futbolistas e a afición ata donde cabesen. Para os desprazamentos curtos: Santabaia, Vilar de Vacas, Sobrado, Refoxos, Transportela, Poulo... o percorrido facíase a pé e logo xogábase o partido. Cando o partido era na Chaira o Ignacio da Isolina levaba o bar portátil: Caixas de cervexas Pilsen-león, de gaseosas de Filgueira e de Vilavidal e algunha botelliña de licor café. O acobillo das bebidas era un pequeno pozo , sito a carón da porta de riba, que as mantiña frescas.

Algunhas veces os partidos acababan en enormes liortas, onde os paus abrían sin razón e algunhas cabezas. Nin xiquera se respetaba aos futuros ministros de Deus. Nun partido da Chaira entre os seminaristas e o equipo de Transportela montouse unha seria refrega entre o público. Os seminaristas correron cara a Cerdal e estaban atemorizados por si se enteraba o Rector do seminario e os os expulsara. Por sorte a nova non lle chegou.

### Non sempre se recibe o que se gana no campo

A finais dos anos 60 do século pasado o bar de Cerdal trouxo unha copa. Na súa disputa participaron catro equipos, entre eles Escudeiros, que reforzado cun grande porteiro o Charife de Sobrado foi quen de eliminar cun exiguo gol a unha Santabaia moi superior tras unha actuación sobranceira do porteiro. A final contra Refoxos foi máis clara, ganaron os de Escudeiros por 5 a 3, pero ao final tras unha discusión por unha decisión arbitral o Pepe "Gaitas" de Refoxos saltou o mostrador do bar, colleu a copa e fuxiu con ela carreteira arriba. Moitos foron os que o perseguiron pero, dando probas dunha gran forma física, logrou zafarse co trofeo para Refoxos, Cincoenta anos despois, preguntado polo feito, dixo que gastara unas botas novas pola estrada que , naquel entón, estaba sen asfaltar. Os de Escudeiros quedaron sen estrenar a vitrina.

### Con cheiro a traxedia

Na década dos setenta do século pasado, o día de Nadal, un equipo de Ramirás reforzado foi xogar a Allariz. O campo, daquela, estaba onde hoxe campá a piscina municipal. De Escudeiros foron catro: O Neso, o Carlos, o Eladio e o Pepe da Olivia. O desprazamento fíxose nos coches que xa tiñan algún futbolista en un Land-Rover. O Neso aportou o 124 e o Libín o Gordine (O coche das viúvas). O partido foi ben, ganaron con solvencia os de Ramirás, pero a volta foi de suplicio. Nunha curva, á altura de Corvillón, o Gordine emborcou e detrás viña o 124 que necesitou frenar, pero a grava da carreteira fixo que chocase contra o Gordine emborcado que diría volta de campá. Ás primeiras voces buscando vida no coche das viúvas respondeu unha voz ronca. Era o Barbas que a coloreara de sangue. Sen vítimas o seguinte paso foi dar co Ferreiro do pobo que estaba celebrando a Noite Boa. Cos seus aveños endereitou as defensas e as chapas danadas. A 5/10 quilómetros hora, con algún chasquido engadido, os futbolistas chegaron a medianoite ao pobo. Tras semiesconder os coches na Chaira os recibementos nas casas non foron moi cortesés, quedando sementada na súa lembranza a noite da mala sorte.

### Partidos solteiros contra casados

Na década dos setenta do século pasado, coma un evento máis da celebración da Santa Bárbara, puxéronse de moda os partidos de solteiros contra casados. Os desafíos e a formación de equipos verborizaban os prolegómenos festeiros. O día do enfrentamento campaban no campo: barrigas prominentes, pixamas como atuendos deportivos, zapatos de paseo, cando non de sola e outros adobíos que de por si xa eran un espectáculo que convidaba á risa. Algúns tomaban o partido moi en serio ata o punto de darlle traballo ao médico por esguinces sobrevidos. Máis tarde estes partidos trasladáronse á Pista dos Dextros. Para algún novos significaban desbordes da forza mozil e pingas de identidade, para os casados máis vellos minguas de forza e anxos do que foran.

### ESCUDEIROS NON SEGUIU A TRADICION DO ANO VELLO

*\*Máis vale quedar para vestir santos que para expir borrachos*

*\*Os irmáns son coma a auga de lavar as mans e os sobriños como os cans dos vecinos.*

En varios lugares de Ramirás no día de San Silvestre era tradición facer o “boneco vello” e guindarllo ao corredor, patio ou mesmo cheminea da moza solteira de máis idade. Máis tarde do individual pasouse ao colectivo e os mozos dun lugar levábanllo aos doutro lugar. Chegou a haber leas, vixanzas intensivas e organización semi-secretas.

Antropoloxicamente o feito da moza explícase porque non contribuía a continuación da sociedade ao non aportar vida nova, era o vello, non había renove social.

En Escudeiros esta tradición non coallou, posiblemente porque as mozas, ao chegar a certa idade, deixaban as troulas miciles e recluíanse máis na vida familiar.

### A MORTE DUN SOLTEIRO OU DUNHA SOLTEIRA

*\*Novos morren moitos, pero vellos non queda ningún.*

A tristeza da morte dun mozo/a transía os corazóns do pobo. Cando os mozos/as eran cañotos a dor, fóra da familia, minguaba.

Era costume no pobo despedir a solteiría con música. Detrás do féretro ía a música tocando. Aínda se acordan os acordes que acompañaron ás irmáns do Fortes, o Antonio da Loba, ao José da Sra. Cristalina e o Luis da Señora Adriana (Neste caso máis por política).

O por qué desta tradición, posiblemente, hai que buscala na relación dos mozos coas festas e por ende coa música. A mocidade mantiña as festas parroquiais, organizaba gaiteradas, contratava acordeonistas e musicaba e cantaba nos fiadeiros...